

# Exhaustivo estudo

## De novo con Pereiro

Rocío MOAR QUINTELA

Da man de M<sup>a</sup> Xesús Nogueira Pereira -A Estrada, 1968, profesora, crítica literaria e autora de rigorosas entregas sobre a literatura galega contemporánea e a poesía actual-, e prologado por X.L. Méndez Ferrín chéganos este exhaustivo estudio sobre o autor monfortino. Partindo de sete entradas, analiza o máis relevante da súa vida e da súa obra, aportando ademais unha ampla selección de textos, numerosas imaxes do álbum familiar, de portadas de libros e de manuscritos, unha amplia bibliografía e interesantes recursos didácticos.



Dende o Limiar faise fincapé na necesaria desmitificación do autor, tentando ver máis alá da imaxe de decadencia e contracultura. A singularidade da súa figura e da súa obra debeuse máis que ao momento político e social que viviu, a unha personalidade e a unhas circunstancias biográficas únicas. O influxo da literatura centroeuropea e doutros xéneros como a música ou o cine, o seu plurilingüismo estético unido a un intencionado monolingüismo e a súa constante necesidade de experimentación e comunicación deron como froito unha obra literaria que transcende a visión identitaria e tradicional da literatura do seu tempo.

A autora ofrécenos unha achega persoal, rigorosa e con interesantes suxestións para poder facer unha análise e unha interpretación global da figura e a obra de Lois Pereiro.  
*NOGUEIRA, María Xesús, Dicionario Lois Pereiro, Ed. 3C3, Santiago, 2011, PVP 11 €*